

O CONCELLO DE PORTO DO SON DESENVOLVE NO MES DE FEBREIRO UNHA NOVA ACCIÓN FORMATIVA NO ÁMBITO DO COOPERATIVISMO.

Esta acción formativa, gratuíta e de 20 horas de duración, terá lugar os días 6, 7, 13 e 14 de febreiro no Viveiro de Empresas de Porto do Son.

O Concello de Porto do Son, como entidade adherida á Rede Eusumo, e a unión de cooperativas Espazocoop, poñen en marcha unha nova acción formativa no ámbito do cooperativismo que terá lugar os días 6, 7, 13 e 14 de febreiro, en horario de 09.30h a 14.30h, no Viveiro de Empresas de Porto do Son.

Baixo o título de "*Ideas cooperativas en acción*", as persoas participantes traballarán aspectos esenciais do emprendemento baixo a fórmula cooperativa, como:

- Identificación dun proxecto cooperativo.
- Análise das áreas comercial e de mercado.
- Estudo da viabilidade económica e financeira.
- Planificación da área organizativa, trámites de constitución.
- Etc.

Esta acción formativa, está dirixida a persoas con inquiredanzas e interese no traballo cooperativo, emprendedores e público interesado en xeral. Ademais, está incluída no catálogo de formación puntuable para obter os PERMEX de marisqueo a pé.

Máis información e inscricións no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar). Prazo de inscrición, do 27 ao 31 de xaneiro de 2020, de 09.00h a 14.00h. As prazas, limitadas, asignaranse por orde de inscrición. No caso de producirse maior demanda que número de prazas dispoñibles, terán prioridade na inscrición as persoas empadroadas no Concello de Porto do Son.

Porto do Son, 22 de xaneiro de 2020.